

## Acordos da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

A Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE), na súa xuntanza ordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2018, acordou<sup>1</sup>:

- Aprobar as actas das Xuntas de Escola ordinaria do 26 de febreiro de 2018 e extraordinaria do 2 de marzo de 2018.
- Aprobar un documento para concorrer á convocatoria en relación ao programa Ultraia 2020 (modalidade A) ou, no seu caso, solicitar a posta en marcha dun plan de internacionalización (modalidade B).
- Aprobar un esquema de horarios para o curso 2018-2019. Explorárase a posibilidade de ter clases pola mañá para o primeiro e o terceiro curso do Grao de Enxeñaría Aeroespacial e clases pola tarde para o segundo.
- Aprobar un esquema de calendario de exames para o Grao de Enxeñaría Aeroespacial no curso 2018-2019 e delegar na Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos a introducción de pequenas modificacións.
- Aprobar a PDA do Mestrado Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados para o curso 2018-2019.
- Nomear unha comisión redactora para o Mestrado Universitario en Enxeñaría Aeronáutica composta por Arno Formella e Elena Martín.
- Delegar na Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos as accións a realizar en relación ao Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía do Espazo.

Ourense, 15 de maio de 2018  
O secretario

Ángel Paredes Galán

**Dilixencia para facer constar** que o presente escrito se publica oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 21 de maio de 2018.

O secretario

Ángel Paredes Galán

<sup>1</sup>Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección.